

PRESENTACIÓN A editora lusa ArcosOnline publica hoxe no seu portal web 'Erótica', o libro do ferrolán Alberte Momán, premiado co Francisco Añón de Poesía no 2004

Pracer e dor **dixitais**

Símbolos, imaxes e metáforas orbitan nos versos que tecen múltiples sentidos para a sedución


maré • Santiago

Edições ArcosOnline.com colgará hoxe en Internet o libro *Erótica* do poeta galego Alberte Momán. A obra, que foi galardoada co Premio Francisco Añón de Poesía o ano pasado, estará dispoñible na web da editora portuguesa (arcosonline.com) de xeito totalmente gratuíto.

Esta iniciativa que, segundo o director da empresa lusa, Victor Domingos, “non tem fins lucrativos” senón que busca “o fomento da cultura sem fronteiras”, enmárcase no proxecto de intercambio cultural que se manifesta nunha oferta literaria de expresión galego-portuguesa á procura de “reforzar os laços de Portugal com as nações suas irmãs, como o Brasil e a Galiza.”, aseguran dende a editora.

Erótica emerxe á rede como tamén o fixeron os anteriores poemarios do ferrolán, que sacou este ano á rúa a obra *As mil horas*, que se pode descargar tamén de balde no portal andar21.fiestras.com. O libro que hoxe publica en Internet a editora lusa vén precedido dun desfile de símbolos, metáforas e imaxes que orbitan nunha linguaxe rica de sentido e de sentidos, segundo anuncia a editora lusa.

Aínda que a súa temática é claramente erótica, o discurso albisca o lirismo e a necesidade de seducir



Portada do libro 'Erótica' do poeta ferrolán Alberte Momán, que lle valeu o Premio Francisco Añón de Poesía no 2004

OBRAS E IDEAS

Un enxeñeiro que toca a gaita

O poeta ferrolán Alberte Momán cursou estudos de Enxeñería Técnica Agrícola. Ademais do seu amor á terra, cultiva o seu gusto pola música tocando a gaita. Fotógrafo de vocación e curiosidade como se pode constatar no

seu *blog*, a poesía é a dama que o acompaña en títulos como *Cidade é tamén nome de muller*, *Lap-tiancorum*, *Milhomes*, *Prémeme o combate* ou o proxecto colectivo *Xuro que nunca máis volvei pasar fame: poesía escarlata*.

con dúas palabras: dor e pracer, como motores da acción humana, prosegue a presentación editorial.

No libro apréixanse dende o comezo os trazos que caracterizan os versos de Momán que verte pensamentos no seu 'blog', albertemoma.n.blogspot.com dende onde ten un recordo para o poeta falecido recentemente, Francisco Domínguez Romero. co que compartiu colabo-

racións no colectivo socio-cultural Redes Escarlata.

Alberte Momán –poeta ferrolán de nacemento como Francisco Domínguez– é autor de varias obras, algunhas recoñecidas como *O Lobo da Xente* (Premio Narrativas Quentes no 2003), *O Pasado nas Horas* (Premio Rosalía de Castro no 2004) e *Erótica* (Premio Francisco Añón de Poesía o ano pasado). ●

PROXECTO ■ A concellería de Cultura pide axuda á Deputación da Coruña para acondicionar espazos que alberguen a obra de artistas novos e outras actividades

Compostela quiere abrir salas de exposicións en Bonaval

De acceder a Deputación da Coruña a subvencionar o seu acondicionamento, o Concello de Santiago podería contar en breve con varias salas nos baixos de San Domingos de Bonaval para dar a coñecer os proxectos dos novos artistas.

Estes espazos, que se atopan en desuso na actualidade, solucionarían unha carencia da Concellería de Cultura que, segundo o seu titular, Néstor Rego, non dispón máis ca do Auditorio de Galicia. Non obstante, esta instalación, polas súas características, só é axeitada para

albergar grandes mostras. Por ese motivo, e co obxectivo de organizar exposicións de pequeno e mediano formato, a concellería de Cultura agarda que a Deputación acceda a financiar a adecuación das salas de Bonaval con cargo ó apartado de subvencións para equipamentos culturais e deportivos.

Se se cumpre este proxecto, Raxoi podería deixar de recorrer a outras institucións e fundacións que teñen a súa sede na zona vella compostelá para organizar este tipo de exposicións. Ademais deste tipo

de mostras, a nova sala de Bonaval, estaría aberta a outros usos, como reunións, conferencias, cursos ou talleres.

Os locais pertencentes ó Concello de Santiago están situados na á sur, á que se accede directamente desde a rúa Bonaval. Precisamente toda esta á do Museo do Pobo Galego, actualmente en desuso, vai ser acondicionada pola Consellería de Cultura, polo que a intención de Raxoi é, na medida do posible, facer coincidir a reforma dos seus locais con este proxecto para que



Entrada da Igrexa de Bonaval

sexa todo o bloque sur do emblemático edificio o que recupere a actividade.

Os locais nos que se centrará a intervención para a que a Concellería de Cultura vai solicitar a subvención da Deputación Provincial tiveron diversos usos, o último deles, como arquivo e almacén para a Banda Municipal de Música.

O traslado da formación ó Auditorio de Galicia deixou definitivamente sen uso as salas de San Domingos, que agora poderían converterse nun novo espazo para a exposición de obras de artes plásticas ó servizo da administración local. En xeral, os locais de titularidade municipal nos baixos do vello mosteiro, non se utilizan “porque non están en bo estado”, como explica o concelleiro de Cultura. O custo do acondicionamento para o que se vai solicitar a axuda da Deputación non está aínda determinado. ● MARÉ